

UNIDADE 3: Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero

VIDEOFÓRUM: O VESTIDO NOVO

Vexamos [O vestido novo](#), unha curtametraxe dirixida por Sergi Pérez no ano 2007. Mario, o protagonista, decide vestirse dun xeito moi especial para ir á escola.

A curtametraxe axudaravos a desenvolver unha mirada crítica acerca do xénero e os estereotipos asociados a este concepto, así como aclarar e diferenciar conceptos relacionados coa identidade de xénero e a diversidade sexual. Cando rematedes podedes iniciar un diálogo en base ás preguntas que tedes embaixo:



1. Por que credes que Mario leva o vestido rosa no día do Entroido?
2. Elenita e Mario cruzan este diálogo. A que se refiren as palabras de Elenita?
 - Mario: *En casa fixémoslo.*
 - Elenita: *Xa, pero na rúa non podes.*
3. Que opinades da reacción do pai de Mario? E da reacción da comunidade educativa (mestra, director, alumnado...)?
4. Quen establece como debe vestir unha persoa polo feito de ser home ou muller? Recordades que nome reciben estas convencións sociais?